

Creando empresas saudables



FICHAS INFORMATIVAS

Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

Problema: Repartición de tarefas II

Causas:

1. Aparición de conflitos pola repartición túa/miña das tarefas.
2. Ambigüidade de rol na execución das tarefas.
3. Falta de definición de tarefas que dificulta a súa realización.

Consecuencias:

1. Condutas evasivas nos equipos de traballo ao non saber claramente o labor para realizar.
2. Redución da comunicación por conflitos e ocultación de datos.
3. Desmotivación dos equipos de traballo.
4. Aparición de traballos sen facer por unha defectuosa planificación.

Medidas aplicables para conseguir unha contorna saudable:

1. Planificar os traballos para realizar, tendo en conta os recursos materiais e humanos necesarios e os prazos para a súa entrega.
2. Definir claramente as funcións e responsabilidades de cada equipo de traballo na súa tarefa específica.
3. Comunicar con claridade os obxectivos que se pretenden obter e o traballo para realizar.
4. Avaliar a actividade de cada equipo de forma individual e posteriormente no conxunto do traballo realizado.